

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

8031 *Corrección de erros da Lei 5/2021, do 12 de abril, pola que se modifica o texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, e outras normas financeiras, no que respecta ao fomento da implicación a longo prazo dos accionistas nas sociedades cotizadas.*

Advertidos erros na Lei 5/2021, do 12 de abril, pola que se modifica o texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, e outras normas financeiras, no que respecta ao fomento da implicación a longo prazo dos accionistas nas sociedades cotizadas, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao núm. 88, do 13 de abril de 2021, efectúanse as oportunas rectificacións:

Na páxina 39, no punto catro, na modificación do artigo 34, entre a antepenúltima liña do terceiro parágrafo e a primeira liña do cuarto parágrafo,

Onde di: «... e o importe total de cada unha desas ofertas na Unión sexa inferior a oito millóns de euros, límite que se calculará sobre un período de doce meses.

No caso das entidades de crédito, non existirá obrigación de publicar un folleto...»,

Debe dicir: «... e o importe total de cada unha desas ofertas na Unión sexa inferior a oito millóns de euros, límite que se calculará sobre un período de doce meses. No caso das entidades de crédito, non existirá obrigación de publicar un folleto...»

Na páxina 41, no punto once, na modificación do artigo 42, na penúltima e última liñas,

Onde di: «...en virtude do previsto no segundo parágrafo do artigo 34.»

Debe dicir: «...en virtude do previsto no terceiro parágrafo do artigo 34.»

Na páxina 49, no punto trinta,

Onde di:

«Trinta. Engádese un novo número 22 ao artigo 302 coa seguinte redacción:

“22. No caso de incumprimentos das obrigacións ou prohibicións previstas...”»

Debe dicir:

«Trinta. Engádese un novo número 23 ao artigo 302 coa seguinte redacción:

“23. No caso de incumprimentos das obrigacións ou prohibicións previstas...”»